




guía

DE LECTURA



TAMBRE

ALA DELTA



Inmundicia e Roñoso

Ledicia Costas
Il·lustracions
Laura Catalán

A obra

Título **Inmundicia e Roñoso** / Autora **Ledicia Costas** / Ilustradora **Laura Catalán** / ADV, 22 / 40 páxs.

A autora

Ledicia Costas naceu en Vigo en 1979. Como o seu avó era inventor, durante a infancia pasou moitas horas observando como fedellaba naqueles estraños trebellos, axustando parafusos e unindo cables que facían chispas. Nalgún deses momentos que compartiu con el, decidiu que ela tamén quería ser inventora. Dende entón, non parou de escribir e de recibir premios como o Premio Nacional de Literatura Infantil.

Argumento

Estrela e Max son dous irmáns cativos, dunha familia sen recursos, que percorren o seu barrio nunha bicicleta rebuscando no lixo. Outros nenos do barrio, os da banda do Carolo, méntense decote con eles; tanto os desprezan que alcuman os pequenos como Inmundicia e Roñoso. Un día, coa intención de humillalos, os *carolos* atrancan o colector no que os dous irmáns se introduciron á procura de algo que lles sexa útil. Os minutos van correndo e Estrela e Max temen non poder saír dese espazo e que o camión do lixo os triture no momento da recollida. Porén, atopan algo dentro do colector: un reloxo de cuco esmendrellado que se obstinan en amañar. Esa tarefa faralles esquecer a súa situación no colector e permitiralles tamén saír del, cando os *carolos* escoiten o canto do cuco e se acheguen a comprobar que sucede dentro.

Comentario

O libro ficciona unha situación común da sociedade actual mesturando os recursos da realidade e a fantasía. Por unha banda, a realidade, inhumana e dolorosa, duns cativos remexendo no lixo ou pedindo esmola nas rúas das cidades para poderense alimentar nunha situación de crise económica. Pola outra, a capacidade de abstracción dos dous irmáns, que non perden a ilusión nin a capacidade de soñar, que empregan o enxeño para cubrir as necesidades, que son quen de ser felices malia a súa situación de precariedade.

Temas

- A **esperanza** e a **felicidade**, a pesar da pobreza.
- A superación da adversidade por medio do **enxeño** e da **imaxinación**.
- A **reciclaxe** e a **reutilización**.
- As **necesidades das familias sen recursos**.
- O **respecto aos demais** e a **solidariedade** co que menos ten.
- O **absentismo escolar**.

Reflexións

O libro é un convite a reflexionar sobre un mundo que non é quen de satisfacer as necesidades básicas de todas as persoas. Esa reflexión fórmase a través dunha visión positiva e de choque coa realidade. A obra fai meditar o lector sobre as necesidades básicas das familias e a precariedade na que viven algunhas, e se estamos a vivir nunha sociedade xusta cando hai nenos que non teñen cubertas as súas necesidades básicas. E convida tamén á reflexión sobre o uso do enxeño e a reutilización como recurso para combater a escaseza. A obra, finalmente, desdramatiza a exposición desa cara da realidade recorrendo ao procedemento fantástico de voar sobre unha bicicleta.

Imos despegar



1. Marca que cousas non debes facer se circulas en bicicleta

- a) Debo circular con casco sempre.
- b) Debo empregar o carril bici cando exista.
- c) Debo levar dous timbres para avisar.
- d) Debo levar cascos para escoitar música.

2. Di se é verdadeiro ou falso

- a) Estrela e Max teñen de apelido Inmundicia e Roñoso.
- b) A banda dos Carolo son cinco nenos maiores ca eles.
- c) Estrela e Max non teñen casa; viven na rúa.
- d) Estrela e Max empregan o enxeño para saír do colector.

3. Debuxa un reloxo de cuco

1. Une correctamente en que colector vai cada envase

A. colector azul

1. un tarriño de bebé

B. colector verde

2. un envase de iogur

C. colector amarelo

3. unha tona de laranxa

D. colector orgánico

4. unha caixa de cartón

2. Contesta a estas preguntas

a) Que fas cos xoguetes que xa non usas? Que debes facer?

.....

b) Que se pode facer coa roupa que non usas?

.....

c) Podes tirar as pilas e os medicamentos ao lixo?

.....

d) Na túa casa separades o lixo?

.....

Aterrando



1. Axúdate do dicionario. Sinala que palabras teñen relación co lixo ou coa reciclaxe e escribe canda elas un sinónimo ou unha definición

a) entullo d) colector

b) leite e) xurelo

c) refugallo f) parafuso

2. Ordena as ilustracións e describe o que pasa nelas

a)



.....
.....

c)




.....
.....

b)



.....
.....

d)



.....
.....

Obradoiro de creatividade

1. Por dentro

Escribe unha historia na que inclúas estas palabras: ombreiros, lixo, parafuso e embalaxe.

2. Por fóra

Fixádevos á hora do recreo se hai lixo ciscado polo patio. Sempre que poidades, axudade a recollelo; se non vos é posible, avisade a un adulto. Anotade a continuación que desperdicios vistes no patio.



Suxestións de actividades

Imos despegar

- **Como es ti?** Con estas primeiras actividades temos que lograr captar a atención dos nenos para que sintan interese por ler o libro. Podemos comezar con algunhas preguntas e, a partir das respostas, iniciar unha conversa entre toda a clase para comentar as opinións de todos.

Estas poderían ser algunhas das preguntas que lles formular: 1) Sabes andar en bicicleta? Que debes levar na cabeza? 2) Hai xente en situación precaria na túa contorna? Ves xente pedindo? 3) Sabes arranxar cousas? Alguén da túa familia sabe? 4) Sabes de alguén moi moi rico? 5) Cal debe ser o teu comportamento se sabes que alguén ten escasos recursos para vivir?

En pleno voo

- **Propósito de afouteza.** O libro descóbrelle ao lector que grazas á tenacidade e á afouteza podemos conquistar cousas que semellan imposibles. Faremos reflexionar os nenos e nenas sobre esa idea e conversaremos sobre os aspectos positivos de tal actitude.

Como continuación da anterior reflexión, pedirémoslles que digan en voz alta algunhas cousas que lles gustaría conseguir e que lles parezan importantes para eles e a súa xente máis próxima. Despois escribiremos as respostas nun mural que colocaremos na parede para que todos opinen sobre elas.

- **Imos reciclar.** Trataremos a temática da reciclaxe do lixo. Lembraremos o valor de reciclar tanto como nos sexa posible, así como a importancia de reducir a cantidade de residuos que xeramos

nas casas. Preguntarémolles que tipos de colectores existen e que se debe depositar en cada un. Aproveitaremos para contarlles que, á parte do papel, o plástico e o vidro, tamén se poden reciclar outras cousas, como aceite, roupa ou electrodomésticos. Pedirémolles, xa que logo, que investiguen se existe un punto limpo na súa cidade ou provincia e que se pode reciclar neles. Para prolongar as actividades sobre este tema, na web de Sogama (Sociedade Galega do Medio Ambiente) existen guías e unidades didácticas.

Aterrando

- **Que hora é?** No libro hai un reloxo de cuco, o que topan Estrela e Max no colector. Podemos aproveitar esta situación para practicar cos alumnos a lectura das horas. Unha boa opción pode ser que cada un constrúa con cartolina a caixa do reloxo unicamente, situando as agullas na hora que el elixa. Posteriormente preguntarémolles alternativamente aos alumnos a hora que marcan os reloxos dos compañeiros.
- **Subimos o pano.** As actividades teatrais, ademais de divertidas, axudan os nenos e nenas a desenvolver a súa capacidade de expresión oral e xestual, desenvolven a súa sensibilidade e son unha magnífica fórmula para que aprendan valores como o da amizade. Pedirémolles que representen esta historia e que todos interveñan, repartíndose os traballos. Uns serán actores, outros ocuparanse do escenario, dos disfraces, da dirección. Tamén haberá «apuntadores» que escriban as frases en cartolinas grandes e acomodadores para o público, que poden ser os alumnos doutra clase. Trátase de que todos colaboren.



Solucionario

Imos despegar

1. d, e.
2. a. (F); b. (V); c. (F); d. (V).

En pleno voo

1. A4, B1, C2, D3.
2. a) Resposta libre. Podémosllos regalar a amigos. Pódense deixar en lugares onde llelos dan a nenos que non teñen para compralos. Pódense reciclar. Destruír debería ser a última opción e, no caso de tiralos, debemos facelo no sitio destinado.
b) Reutilízala, podemos convertela noutras prendas de roupa. Cedérllela a outros nenos para que a usen cando xa non nos serve. Existen asociacións e oenegués que se dedican á recollida de roupa.
c) Resposta libre. Debemos incidir na necesidade de coidar o medio e respectalo, para iso debemos conciencialos sobre a necesidade da reciclaxe e do consumo responsable.

Aterrando

1. a. entullo; c. refugallo; d. colector.
2. A orde correcta é: C, A, D, B.

Fragmentos especiais

Os dous irmáns saben de todos os colectores da contorna. Coñecen as horas ás que se enchen por completo, aqueles nos que poden atopar comida e aqueloutros onde hai trebellos e xoguetes que poden recompoñer. Arranxar as cousas rotas, esas que semella que xa non serven para nada, é unha das súas habilidades.

(páx. 13)

—Non somos trapecistas, pero temos outras habilidades —tranquilizouna Max—. Atoparemos o xeito de saír.

Se había alguén en quen Estrela confiaba, esa persoa era o seu irmán. Xuntos eran invencibles.

(páx. 23)

Recompoñer os obxectos que están rotos, eses que semella que xa non serven para nada, é unha habilidade que só posúen os máis atrevidos, os que lle teñen medo a poucas cousas.

(páx. 31)